



## **CAMPAÑA DE DINAMIZACIÓN DO SECTOR HOSTELERO DE CULLEREDO: RUTAS BARÍTIMAS DE CULLEREDO 2019**

Dende o Concello de Culleredo estase a levar a cabo unha campaña de dinamización do sector da hostalaría consistente na celebración das rutas barítimas do Concello de Culleredo.

Haberá tres rutas nas que os establecementos participantes ofrecerán unha tapa deseñada para a ocasión (ten que ser unha tapa que non estea na carta habitual do establecemento) por un prezo de 1,50€ sen incluír a consumición.

Estableceranse tres premios (un premio por ruta) para os establecementos participantes, consistentes nunha campaña publicitaria (en medios tradicionais como prensa ou radio e tamén nas redes sociais) así coma tres premios (un premio por ruta) para o público participante nas rutas barítimas, consistentes nun vale de 100€ para gastar no establecemento elixido polas persoas gañadoras dentro dos establecementos participantes nas rutas barítimas.

Para elixir aos establecementos gañadores elixiranse as cinco mellores tapas polo xurado popular e será un xurado profesional (composto por tres membros) que se encargará de elixir a mellor tapa das 5 semifinalistas. Isto farase en cada unha das rutas, saíndo de aquí tres tapas gañadoras cos seus establecementos correspondentes.

Os gañadores dos premios para o público participante serán elixidos por sorteo, saíndo unha persoa gañadora por cada ruta.

### **DATAS de celebración das RUTAS BARÍTIMAS: do 6 ao 12 de maio de 2019**

**RUTAS:** **RUTA I:** O Burgo e Acea de Ama **RUTA II:** Rutis (Vilaboa, Fonteculler, A Corveira e o Portádegro) **RUTA III:** Almeiras, Castelo, Celas, Culleredo, Ledoño, Orro, Sésamo, Sueiro e Veiga

### **PREMIOS:**

**Para os establecementos participantes:** unha campaña publicitaria en diversos medios (prensa, radio, redes sociais...). Haberá un premio por cada ruta.

**Para o público participante:** un vale de 100€ para gastar no establecemento que elixa a persoa gañadora dentro dos participantes. Haberá un premio por cada ruta.

**INSCRICIÓNS:** Realizaranse na folia de inscrición que se anexa e terá que enviarse por correo electrónico ou WhatsApp a:

e-mail: [turismo@culleredo.es](mailto:turismo@culleredo.es)

WhatsApp: 606 030 827

**A data límite para as inscricións será o 12 de abril de 2019.**